

**“PONTEVERÁN 2020”
Lecer e tempo libre para o verán
(8-30 anos)**

CULTURA E AIRE LIBRE

8-12 anos

- ✓ **CAMPAMENTO URBANO “CORPOS”** (20-24 xullo) (9:30-13:30)
- ✓ **CAMPAMENTO URBANO “KAMISHIBAI: contos na rúa”** (3-7 agosto) (9:30-13:30)

9-15 anos

- ✓ **CURSO DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO** (6-17 xullo) (12:30-14:00)
- ✓ **CURSO DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO** (20-31 xullo) (12:30-14:00)

12-15 anos

- ✓ **CAMPAMENTO URBANO “MOVEMENTO”** (27-31 xullo) (9:30-13:30)

13-17 anos

- ✓ **MULTIAVENTURA “PONTEVEDRA POLOS 4 COSTADOS”** (13-17 xullo) (10:00-14:00)

13-30 anos

- ✓ **OBRADOIRO DE GRAFFITI NO GAFOS** (21,23,28 e 30 xullo) (11:00-13:00)
- ✓ **TORNEO PVP POKEMON GO: LIGA CLIFFHADER** (9 xullo) (11:00-13:00)
- ✓ **NOITE EUROPEA DOS MORCEGOS** (29 agosto) (21:00-23:00)

16-30 anos

- ✓ **OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA NO MIRADOIRO DO VERDUXO (8 agosto) (22:00-01:00)**
- ✓ **ACHEGAMENTO ÁS AVES E ROTEIRO POLO LÉREZ** (29,30 e 31 xullo) (11:00-13:30)
- ✓ **ROTEIRO CULTURAL POLO CAMPOSANTO DE SAN AMARO (DIURNO)** (24 xullo) (20:00-22:00)
- ✓ **ROTEIRO CULTURAL POLO CAMPOSANTO DE SAN AMARO (NOCTURNO)** (24 xullo) (22:30-00:30)

18-30 anos

- ✓ **OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA NO OBSERVATORIO DE COTOBADE** (14 agosto) (22:00-01:00)
- ✓ **ROTEIRO EN KAIK POLO LÉREZ** (12 xullo) (10:00-12:30)
- ✓ **ROTEIRO EN KAIK POLO LÉREZ** (8 agosto) (10:00-12:30)

Todas as idades, a partir de 5 anos

- ✓ **XORNADA DE ORIENTACIÓN URBANA NO CENTRO HISTÓRICO** (15 agosto) (9:00-14:00)

CULTURA DIXITAL

8-12 anos (9:30-13:30h)

- ✓ **HOLOGRAFÍA E REALIDADE VIRTUAL** (6-10 xullo)
- ✓ **ROBÓTICA** (13-17 xullo)
- ✓ **PROGRAMACIÓN** (20-24 xullo)
- ✓ **IMPRESIÓN 3D** (27-31 xullo)

13-18 anos (9:30-13:30h)

- ✓ **CREACIÓN APPs PARA MÓBILES** (6-10 xullo)
- ✓ **IOT INTERNET DAS COUSAS** (13-17 xullo)
- ✓ **IMPRESIÓN 3D** (20-24 xullo)
- ✓ **PROGRAMACIÓN** (27-31 xullo)

13-30 anos (12:00-13:30h)

- ✓ **INFORMÁTICA: PRESENTACIÓNS OFF E ON LINE** (MA-MÉ-XO 1-16 xullo)
- ✓ **INFORMÁTICA: DESEÑO DE CARTEIS E FOLLETOS (SCRIBUS)** (MA-MÉ-XO 21 xullo-6 agosto)
- ✓ **INFORMÁTICA: OS MEUS DATOS NA NUBE E SEGURIDADE NA REDE** (MA-MÉ-XO 11-27 agosto)

AVISO IMPORTANTE PARA TODAS AS ACTIVIDADES:

Programación suxeita á evolución da pandemia COVID19. As actividades poderá sufrir modificacións, así como incluso a súa suspensión debido á situación sanitaria actual.

INFORMACIÓN DO PROGRAMA PONTEVERÁN

O programa **Ponteverán** organizado pola Concellaría de Xuventude do Concello de Pontevedra, comprende unha oferta de cultural e de lecer para a xente nova durante o verán.

Rapazas e rapaces teñen a oportunidade de realizar actividades ao aire libre, culturais, ambientais e alternativas, a través das cales se favorece o seu desenvolvemento persoal con valores positivos de inclusión, respecto, creatividade, hixiene, esforzo e igualdade.

Nesta edición contaremos con certas diferenzas con respecto ás edicións pasadas e debido á situación sanitaria actual. Establécense normas de prevención e medidas de hixiene e distanciamento social, os grupos serán reducidos e priorizaranse actividades ao aire libre. Nas actividades que requiren desprazamento, elimínase a opción do transporte colectivo polo que cada participante terá que trasladarse pola súa conta ao lugar da actividade.

As actividades son todas gratuítas e debido á situación actual, dispoñen de menor número de prazas polo que vos pedimos compromiso coa asistencia e que avisedes canto antes no caso de renunciar á praza, deste xeito a organización poderá contactar con persoas que se atopen na lista de agarda.

A QUEN VAI DIRIXIDO

Preferencia a persoas entre os 8 e 30 anos residentes no municipio de Pontevedra. Cada actividade ten especificado o seu rango de idades.

No caso de non se cubrir as prazas, poderán optar persoas doutros concellos (terán preferencia os concellos limítrofes) e doutras idades a través das correspondentes listaxes de agarda.

PRE-INSCRICIÓN E ASIGNACIÓN DE PRAZAS PARA INSCRICIÓN DEFINITIVA:

Desenvolverase completamente de maneira dixital.

SOLICITUDES a través dos formularios de pre-inscrición en: <http://apuntate.pontevedra.gal>

Tras cada solicitude avisarase ás persoas admitidas para que formalicen a inscrición coa achega da documentación necesaria (Consentimento informado, DNI participante, etc). Dende a Oficina de Xuventude comprobarase a inscrición no Padrón Municipal do Concello de Pontevedra.

CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DE PRAZAS: para asignar praza non primará a orde pre-inscrición senón se fará ata completar o número máximo de solicitudes. Cada persoa interesada poderá facer o número de solicitudes que desexe, mais a organización procurará unha asignación de prazas o máis equitativa posible para que ao menos cada neno ou nena, moza ou mozo participe nalgunha das actividades. De chegar o caso, e como último recurso, realizaranse sorteos de prazas.

Se algunha familia precisa realizar algún tipo de consulta ou de achega de documentación con carácter presencial será con cita previa concertada a través do 986840367 ou no mail xuventude@pontevedra.gal

INFORMACIÓN

Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra

Horario: de luns a venres de 9:30 a 14h.

Pza da Verdura, s/n, tel. 986 840367 xuventude@pontevedra.gal

SOLICITUDES: a partir do 26 de xuño (ata cubrir número máximo de solicitudes) en <http://apuntate.pontevedra.gal>

AVISO IMPORTANTE PARA TODAS AS ACTIVIDADES:

Programación suxeita á evolución da pandemia COVID19. As actividades poderá sufrir modificacións, así como incluso a súa suspensión debido á situación sanitaria actual.

ACTIVIDADES “PONTEVERÁN 2020”

CULTURA E AIRE LIBRE

8-12 anos (nacemento entre 2008-2012)

CAMPAMENTO URBANO “CORPOS”

Campamento lúdico-filosófico de debate e reflexión sobre os corpos: como afecta a cor da pel ás nosas vidas? como muda o noso corpo a medida que cumprimos anos? como nos sentimos cos nosos corpos? como nos expresamos a través del? como somos por dentro e como somos por fóra? Nunha realidade cambiante reflexionaremos sobre a nosa maneira de relacionarnos co mundo e coas demais persoas.

DATAS: do 20 ao 24 de xullo

HORARIO: 9:30-13:30

LUGAR: Pazo da Cultura e espazos ao aire libre da cidade

PRAZAS: 7

IMPARTE: Nova Xestión Cultural

CAMPAMENTO URBANO “KAMISHIBAI: CONTOS NA RÚA

Kamishibai en xaponés quere dicir “teatro de papel”, unha maneira de contar contos de xeito ilustrativo e cunha importante carga de interpretación dramática. Pontevedra é unha vila con vida de rúa, de prazas, de recunchos cheos de Historia, é o decorado perfecto para deixar voar a imaxinación.

DATAS: do 3 ao 7 de agosto

HORARIO: 9:30-13:30

LUGAR: Pazo da Cultura e espazos ao aire libre da cidade

PRAZAS: 7

IMPARTE: Arte Calavera

9-15 anos

CURSO DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO

Curso co que se busca que nenxs e mozs coñezan unha actividade deportiva e recreativa coa que poder ocupar o seu tempo de lecer. O programa inclúe actividades de preparación física, exercicios de técnica elemental, xogos, natación, nocións teóricas e coñecemento das medidas de seguridade.

DATAS: do 6 ao 17 de xullo

HORARIO: 12:30-14:00

LUGAR: praia da Xunqueira en Ponte Sampaio

PRAZAS: 10

REQUISITO: esta actividade ten unha cota de 10€ en concepto de licenza

IMPARTE: Club Río Verduxo de Piragüismo

CURSO DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO

Curso co que se busca que nenxs e mozsxs coñezan unha actividade deportiva e recreativa coa que poder ocupar o seu tempo de lecer. O programa inclúe actividades de preparación física, exercicios de técnica elemental, xogos, natación, nocións teóricas e coñecemento das medidas de seguridade.

DATAS: do 20 ao 31 de xullo

HORARIO: 12:30-14:00

LUGAR: praia da Xunqueira en Ponte Sampaio

PRAZAS: 10

REQUISITO: esta actividade ten unha cota de 10€ en concepto de licenza

IMPARTE: Club Río Verduxo de Piragüismo

12-15 anos

CAMPAMENTO URBANO “MOVEMENTO”

Neste campamento queremos darlle todo o protagonismo ao noso movemento a través da actividade ao aire libre de cultura urbana. Cada xornada estará centrada nunha técnica ou corrente urbana: Parkour, técnicas aéreas, acrosport e acrobacias, para rematar cunha exhibición final.

DATAS: do 27 ao 31 de xullo

HORARIO: 9:30-13:30

LUGAR: Pazo da Cultura e espazos ao aire libre da cidade

PRAZAS: 9

IMPARTE: O cable inglés

13-17 anos

MULTIAVENTURA “PONTEVEDRA POLOS 4 COSTADOS”

Percorreremos a nosa cidade dende distintas perspectivas: a pé polas nosas rúas, en kaiak para pasar por debaixo de todas as pontes; en bicicleta pola Illa das Esculturas e a senda do Lérez, onde tamén nos bañaremos no río. Camiñaremos pola senda urbana do río Gafos ata chegar a Tomeza. Coñeceremos os segredos e anécdotas da nosa cidade, percorrерemos os edificios máis altos para contemplar dende alí a nosa cidade.

DATAS: do 13 ao 17 de xullo

HORARIO: 10:00-14:00

LUGAR: Casa Azul e espazos ao aire libre da cidade

PRAZAS: 16 (8+8)

IMPARTE: MARXUEL

13-30 anos

OBRADOIRO DE GRAFFITI NO GAFOS

Con este obradoiro recuperaremos unha parede degradada e de 20x2 m cun deseño que se integre co espazo natural do río Gafos. O monitor, O´Ras, partirá dun deseño previo e guiará ás persoas participantes no uso do spray e da pintura.

DATAS: 21,23,28 e 30 de xullo

HORARIO: 11:00-13:00

LUGAR: sendeiro do río Gafos

PRAZAS: 10

IMPARTE: Asociación Vaipolorío

TORNEO PVP POKEMON GO: LIGA CLIFFHADER

O formato cliffhanger consiste en crear un equipo de 6 pokemons utilizando 17 puntos ou menos onde cada un ten un custo diferente. Lembra que non se pode repetir pokemon no mesmo equipo. Seguiremos as normas da comunidade Silph Road, onde xa podeades inscribivos para participar

DATA: 9 de xullo

HORARIO: 11:00-13:00

PRAZAS: ilimitadas

REQUISITO: móbil con conexión 4G

INSCRIPCIÓN PROPIA EN: <https://silph.gg/t/3w5u/torneo-cliffhanger-noites-abertas>

NOITE EUROPEA DOS MORCEGOS

Máis un ano, compartiremos esta xornada con especialistas no estudo destes mamíferos. Acompañarémolos na captura e estudo dos morcegos para desmitificar falsas lendas que se lles atribúen. escoitarémolos a través de aparatos de ultrasóns.

DATA: 29 de agosto

HORARIO: 21:00-23:00

LUGAR:

PRAZAS: 15

REQUISITOS: menores de 18 deberán asistir en compañía dalgunha persoa adulta

IMPARTE: Asociación Vaipolorío e Asociación Drosera para Estudo e Conservación do Medio Natural

16-30 anos

OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA NO MIRADOIRO DO VERDUXO

Orientación no ceo, localización de obxectos de interese, observación da lúa e de meteoros das Perseidas, ademais dun marabilloso Saturno. Unha observación con telescopios e prismáticos nun lugar sen contaminación lumínica.

DATA: 8 de agosto

HORARIO: 22:00-01:00

LUGAR: miradoiro do río Verduxo en Augasantas (Cotobade)

PRAZAS: 18

REQUISITOS: menores de idade deberán asistir en compañía dalgún adulto. Acceso a través de vehículos particulares

IMPARTE: Agrupación astronómica Rías Baixas

ACHEGAMENTO ÁS AVES E ROTEIRO POLO LÉREZ

Proposta lúdica e formativa ao redor de espazos naturais próximos á cidade: A Xunqueira de Alba e o río Lérez, ENIL e ZEC da Rede Natura. Coñeceremos máis sobre as aves (fisioloxía, migracións, orixe...) e aprenderemos o manexo de materiais que nos poden axudar a identificalas. Observaremos aves, aprenderemos máis sobre a nosa flora e fauna, identificaremos invertebrados acuáticos, pegadas, restos...

DATAS: 29,30 e 31 de xullo

HORARIO: 11:00-13:30

LUGAR: sesión inicial no Pazo da Cultura

PRAZAS: 9

IMPARTE: Ventos, Estudos Ambientais

ROTEIRO CULTURAL POLO CAMPOSANTO DE SAN AMARO (DIURNO)

Visita guiada diurna polo cemiterio de San Amaro amosando toda a súa riqueza arquitectónica e histórica. Coñeceremos máis e mellor o seu interior e os segredos agochados nos seus recunchos. Buscaremos símbolos relacionados coa morte, leremos algunha noticia da época, todo para poñer en valor o patrimonio da nosa cidade.

DATA: 24 de xullo

HORARIO: 20:00-22:00

LUGAR: camposanto de San Amaro

PRAZAS: 12

IMPARTE: historiadora da arte especializada en patrimonio, Carmela Sánchez Arines

ROTEIRO CULTURAL POLO CAMPOSANTO DE SAN AMARO (NOCTURNO)

Visita guiada nocturna polo cemiterio amosando toda a súa riqueza arquitectónica e histórica. Coñeceremos máis e mellor o seu interior e os segredos que se agochan nos seus recunchos. Buscaremos símbolos relacionados coa morte, leremos algunha noticia da época. A noite permitiranos observar detalles que de día son menos visíbeis, todo para poñer en valor o patrimonio da nosa cidade.

DATA: 24 de xullo

HORARIO: 22:30-00:30

LUGAR: camposanto de San Amaro

PRAZAS: 12

IMPARTE: historiadora da arte especializada en patrimonio, Carmela Sánchez Arines

18-30 anos

OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA NO OBSERVATORIO ASTRONÓMICO DE COTOBADE

Orientación no ceo, localización de obxectos de interese, observación da lúa e de meteoros das Perseidas, ademais de planetas.

DATA: venres 14 de agosto

HORARIO: 22:00-01:00

LUGAR: Observatorio Astronómico de Cotobade

PRAZAS: 24

IMPARTE: Asociación astronómica Sirio

REQUISITO: acceso a través de vehículos particulares

ROTEIRO EN KAIK POLO LÉREZ

Percorrido lúdico en kaiak polo río Lérez. Explicaranse nocións básicas de manexo do material e conceptos de seguridade para logo percorrer en grupo o río Lérez ao seu paso pola cidade.

DATA: 12 de xullo

HORARIO: 10:00-12:30

LUGAR: praia fluvial do Lérez

PRAZAS: 18

IMPARTE: Marexada. Deporte, lecer e cultura

ROTEIRO EN KAIK POLO LÉREZ

Percorrido lúdico en kaiak polo río Lérez. Explicaranse nocións básicas de manexo do material e conceptos de seguridade para logo percorrer en grupo o río Lérez ao seu paso pola cidade.

DATA: 8 de agosto

HORARIO: 10:00-12:30

LUGAR: praia fluvial do Lérez

PRAZAS: 18

IMPARTE: Marexada. Deporte, lecer e cultura

A partir de 5 anos

XORNADA DE ORIENTACIÓN URBANA NO CENTRO HISTÓRICO

Consiste nunha primeira parte teórica sobre os coñecementos básicos do material e seguridade, para logo saír á rúa e poñer en práctica todo o aprendido.

REQUISITO: menores en compañía dalgunha persoa adulta

DATA: 15 de agosto

HORARIO: 9:00-14:00

LUGAR: Centro Histórico de Pontevedra

PRAZAS: 100

IMPARTE: AROMON PONTEVEDRA Montañeiros A Roelo

CULTURA DIXITAL

8-12 anos (anos nacemento 2008-2012)

HOLOGRAFÍA E REALIDADE VIRTUAL

Estuda diferentes xeitos de preparar información e presentala para que o noso cerebro poida recrear mundos virtuais e obxectos en 3D.

DATAS: do 6 ao 10 de xullo

HORARIO: 9:30-13:30

LUGAR: Pazo da Cultura

PRAZAS: 7

REQUISITO: cada participante deberá traer un ordenador portátil, ademais dun móbil ou tablet.

ROBÓTICA

Aprende o que son os robots, as partes que os compoñen, a construílos, a programalos e a facer xogos e retos con eles.

DATAS: do 13 ao 17 de xullo

HORARIO: 9:30-13:30

LUGAR: Pazo da Cultura

PRAZAS: 7

REQUISITO: cada participante deberá traer un ordenador portátil

PROGRAMACIÓN

Fornece as habilidades de descomposición de problemas complexos , empregando Pensamento Computacional, a través da creación de diversos videoxogos.

DATAS: do 20 ao 24 de xullo

HORARIO: 9:30-13:30

LUGAR: Pazo da Cultura

PRAZAS: 7

REQUISITO: cada participante deberá traer un ordenador portátil

IMPRESIÓN 3D

Aprende como converter as ideas en obxectos. Deseño 3D empregando xeometría construtiva.

DATAS: do 27 ao 31 de xullo

HORARIO: 9:30-13:30

LUGAR: Pazo da Cultura

PRAZAS: 7

REQUISITO: cada participante deberá traer un ordenador portátil

13-18 anos (anos nacemento 2007-2002)

CREACIÓN APPs PARA MÓBILES

Xa que os móbiles son parte da nosa vida diaria, que mellor que facer ferramentas/APPs para usar neles. Iniciaraste no mundo da creación de aplicacións móbiles creando diversas APPs e xogos.

DATAS: do 6 ao 10 de xullo

HORARIO: 9:30-13:30

LUGAR: Pazo da Cultura

PRAZAS: 9

REQUISITO: cada participante deberá traer un ordenador portátil, ademais dun móbil ou tablet.

IOT INTERNET DAS COUSAS

IOT é a rede de dispositivos electrónicos que se conectan á nube para interactuar e intercambiar datos. Deste xeito, calquera obxecto cotián que incorpore esta tecnoloxía pode ser monitorizado e controlado remotamente a través de Internet. Verás os conceptos básicos e farás diversas prácticas. Traballarás en proxectos e presentarás retos para solucionar problemas cotiáns e extraordinarios coma o Covid19.

DATAS: do 13 ao 17 de xullo

HORARIO: 9:30-13:30

LUGAR: Pazo da Cultura

PRAZAS: 9

REQUISITO: cada participante deberá traer un ordenador portátil, ademais dun móbil ou tablet.

IMPRESIÓN 3D

Aprende como converter as ideas en obxectos. Deseño 3D empregando xeometría construtiva.

DATAS: do 20 ao 24 de xullo

HORARIO: 9:30-13:30

LUGAR: Pazo da Cultura

PRAZAS: 9

REQUISITO: cada participante deberá traer un ordenador portátil

PROGRAMACIÓN

Fornece as habilidades de descomposición de problemas complexos empregando Pensamento Computacional, a través da creación de diversos videoxogos. Iniciaraste na programación con Arduino, programando diversos elementos da vida cotiá como por exemplo, unha led ou sensor de luz.

DATAS: do 27 ao 31 de xullo

HORARIO: 9:30-13:30

LUGAR: Pazo da Cultura

PRAZAS: 9

REQUISITO: cada participante deberá traer un ordenador portátil

13-30 anos

INFORMÁTICA: PRESENTACIÓNS OFF E ON LINE

Crearemos presentacións usando aplicacións no PC (OFFLine) e usando páxinas web (ONLine). Descarga e instalación de LibreOffice, crear presentacións, uso de animacións, transicións, inserción de música etc... para rematar creando a nosa propia presentación ONLine

DATAS: MA-MÉ-XO do 1 ao 16 de xullo

HORARIO: 12:00-13:30

LUGAR: Casa Azul

PRAZAS: 7

INFORMÁTICA: DISEÑO DE CARTEIS E FOLLETOS (SCRIBUS)

Explicarase o manexo dun programa para o deseño de carteis, folletos e outros formatos de impresión. Scribus é un software libre e gratuito co que poderemos crear deseños artísticos máis aló do que permite outro tipo de software como os procesadores de texto ou de maquetacións, pero sen as complicacións do software especializado de deseño gráfico.

DATAS: MA-MÉ-XO do 21 de xullo ao 6 de agosto

HORARIO: 12:00-13:30

LUGAR: Casa Azul

PRAZAS: 7

REQUISITOS: coñecementos básicos de informática

INFORMÁTICA: SEGURIDADE NA REDE. COMPRAS SEGURAS. OS MEUS DATOS NA NUBE

Uso de navegadores, buscadores e recursos web alleos a Google. Navega de xeito seguro e anónimo; descarga e instala. Realiza compras seguras, coñece diferentes posibilidades de compra por internet e aprende a identificar as webs seguras para mercar. Evita anuncios e publicidade. Busca sen rastrexo e protéxete ante virus, Malware... A Nube é o seguinte paso no uso de aplicacións e servizos, xa que funcionan completamente online, sen necesidade de instalar ningún programa ou de precisar un ordenador. Como é a nube, como funciona e as aplicacións e servizos gratuítos máis empregados.

DATAS: MA-MÉ-XO do 11 ao 27 de agosto

HORARIO: 12:00-13:30

LUGAR: Casa Azul

PRAZAS: 7

AVISO IMPORTANTE PARA TODAS AS ACTIVIDADES:

Programación suxeita á evolución da pandemia COVID19. As actividades poderá sufrir modificacións, así como incluso a súa suspensión debido á situación sanitaria actual.